

# 6

# O GALEGUISMO DURANTE O FRANQUISMO

## A RESISTENCIA CULTURAL. TRIBULACIÓNS DA REVISTA GRIAL



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

O 14 de febreiro de 1952 Ramón Piñeiro anúncialle por carta a Fernández del Riego que a tradución ao galego da conferencia de Martin Heidegger titulada *Von Wessen der Wahrheit* está pronta para ser publicada. A censura franquista prohibiu a súa publicación durante catro anos. Esta é a reconstrución dos feitos:

O 1 de decembro de 1952 a tradución de Ramón Piñeiro é prohibida pola censura. Un ano antes, o 21 de xuño de 1951, Juan Aparicio director xeral de Prensa e secretario nacional das Jons censurara xa o *Significado metafísico da saudade* (notas para unha filosofía galego-portuguesa) porque "en Galicia algún pedantón traduce a filosofía alemana con ritmo de gaita, faltas de ortografía en su pluma y en su alma" polo que cumpría "someterlo a cura psicoanalítica" ou traslado a Madrid "por las buenas o por las malas"

José María Castroviejo publicou en *El Correo Gallego* o 27 de xuño de 1951 unha valente carta onde afirmaba que o publicado por Juan Aparicio era "para nosotros, los gallegos, algo que linda abiertamente con la ofensa". Ao pouco tempo de ser designado director xeral de Prensa Juan Aparicio expresoulles de pa-

a aos directores dos xornais galegos setembro de 1951 que estaba totalmente prohibida a publicación de textos en galego que non fosen poesía.

aparecer o número 4 da revista *Grial* marzo de 1952, a Editorial Galaxia recibiu unha carta de Juan Aparicio onde se expresaba que non se publiquen máis números previa autorización da Dirección Xeral de Prensa.

parece ser que Juan Aparicio conseguiu afastarse de José María Castroviejo forzando a súa dimisión como director de *El Correo Gallego*.

O 1 de novembro de 1955 José María Castroviejo solicitoulle a Dirección Xeral de Prensa un novo permiso para a súa publicación.



O 1 de decembro de 1955 foi publicada *Da esencia da verdade*.

propio Martin Heidegger escribiu o prólogo a esta obra, un gran honor, xa que o propio Heidegger sofo era pouco amigo das promocións da súa obra.





MINISTERIO DE INFORMACION Y TURISMO  
DIRECCION GENERAL DE PROPAGANDA

Juan Aparicio, presunto protagonista da censura.



Documento que aprobaba a publicación da tradución de Piñeiro, pero que foi recibido en Galaxia riscado por unha autoridade superior. As investigacións sinalan a Juan Aparicio.



Tres portadas de tres etapas distintas da longa historia da revista *Grial*